

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

16440 *Real decreto 1284/2010, do 15 de outubro, polo que se modifica o Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.*

A Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, regula o réxime xurídico da actividade metrolóxica en España. A súa última modificación levouse a cabo mediante a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio.

O vixente desenvolvemento regulamentario da Lei de metroloxía parte do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida. Ese real decreto levou a cabo un novo desenvolvemento da Lei de metroloxía e ao mesmo tempo traspuxo a Directiva 2004/22/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 31 de marzo de 2004, relativa aos instrumentos de medida.

A directiva susténtase, por unha banda, no «novo enfoque» (Resolución do Consello do 7 de maio de 1985) e en segundo lugar, no «enfoque global» (Resolución do Consello do 21 de decembro de 1989). Finalmente, na Decisión do Consello 90/683/CEE, que se viu modificada e substituída pola Decisión 93/465/CEE, posteriormente derogada e substituída pola Decisión 768/2008/CE, sobre un marco común para a comercialización dos produtos.

Hai que facer notar tamén que a Directiva 2004/22/CE facilita a harmonización da normativa nacional e europea específica dos instrumentos de medida, dos cales regula dez tipos.

Todos os instrumentos de medida presentan erros no momento de realizar as medicións. Eses erros, que poden ser propios do instrumento pero que tamén se poden producir por fallos nos procedementos e por intervención do operador, deben ser coñecidos e recoñecidos,. Un dos obxectivos da regulación dos instrumentos de medida é establecer uns erros máximos permisibles e permitidos, que teñen que se entender como os valores extremos do erro de medida con respecto a un valor de referencia. Estes valores determínanse regulamentariamente para autorizar a utilización dun instrumento de medida a todos ou a determinados usos. A regulamentación en materia de metroloxía aparece así como instrumento non só regulador de formas e dispositivos, senón tamén, e sobre todo, como garantía dos aspectos transcendentales de cada aproximación á exactitude do medido.

O progreso da tecnoloxía proporciona instrumentos que miden cada vez con maior exactitude e precisión ao mesmo ou a menor custo. Isto pode provocar que se regulen os instrumentos de forma que, respectando os erros máximos de medida permitidos pola regulamentación, introduzan unha orientación sistemática favorable ao seu titular, que pode xerar un beneficio irregular a favor nas transaccións, en detrimento dunha das partes.

A normativa española sobre algúns instrumentos sometidos a regulación específica ten en conta esta posibilidade e, en consecuencia, obriga a axustar a cero os erros de moitos instrumentos. Isto pódese levar a cabo na fase de posta no mercado do instrumento (cando está sometido a regulación específica nacional) ou nas fases de control de instrumentos de servizo, pero débese realizar por normativa da Unión Europea na fase de posta no mercado de instrumentos con regulación harmonizada.

Este real decreto consta dun único artigo que modifica os anexos V ao IX do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, que se refiren a cinco tipos de instrumentos: contadores de auga, contadores de gas e dispositivos de conversión volumétrica, contadores de enerxía térmica, contadores de enerxía eléctrica activa e contadores de líquidos distintos da auga. Ao artigo engádense tres disposicións derradeiras.

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/137/CE da Comisión, do 10 de novembro de 2009, pola que se modifica a Directiva 2004/22/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos instrumentos de medida, no que respecta á explotación dos erros máximos permitidos que se establecen nos anexos específicos dos instrumentos MI-001 a MI-005. Esta directiva, que deberá entrar en vigor o 1 de xuño de 2011, establece que non poderán «explotarse» os erros máximos permitidos nesgando voluntariamente o erro sistemático, nin a favor nin en contra do titular, dos cinco instrumentos de medida citados.

Este real decreto mereceu informe favorable do Consello Superior de Metroloxía.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Industria, Turismo e Comercio, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros, na súa reunión do día 15 de outubro de 2010,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida.*

Os anexos V ao IX do Real decreto 889/2006, do 21 de xullo, polo que se regula o control metrolóxico do Estado sobre instrumentos de medida, quedan modificados da seguinte maneira:

Un. No anexo V, na sección «Erro máximo permitido» dos requisitos específicos, engádese o punto 6 bis seguinte:

«6 bis. O contador non explotará o erro máximo permitido nin favorecerá sistematicamente ningunha das partes.»

Dous. No punto 2.1 da parte I do anexo VI, o parágrafo situado baixo o cadro substitúese polo texto seguinte:

«O contador de gas non explotará o erro máximo permitido nin favorecerá sistematicamente ningunha das partes;»

Tres. No punto 8 da parte II do anexo VI, despois da nota, engádese o parágrafo seguinte:

«O dispositivo de conversión volumétrica non explotará o erro máximo permitido nin favorecerá sistematicamente ningunha das partes.»

Catro. No anexo VII, no punto 3 dos requisitos específicos, engádese o parágrafo seguinte:

«O contador non explotará o erro máximo permitido nin favorecerá sistematicamente ningunha das partes.»

Cinco. No anexo VIII, no punto 3 dos requisitos específicos, engádese o parágrafo seguinte:

«O contador de enerxía térmica completo non explotará o erro máximo permitido nin favorecerá sistematicamente ningunha das partes.»

Seis. No punto 2 dos requisitos específicos do anexo IX engádese un subpunto 2.8 coa redacción seguinte:

«2.8 O sistema de medida non explotará o erro máximo permitido nin favorecerá sistematicamente ningunha das partes.»

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.12.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado, como competencia exclusiva, a lexislación de pesas e medidas.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto incorpórase ao dereito español a Directiva 2009/137/CE da Comisión, do 10 de novembro de 2009, pola que se modifica a Directiva 2004/22/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa aos instrumentos de medida, no que respecta á explotación dos erros máximos permitidos que se establecen nos anexos específicos dos instrumentos MI-001 a MI-005.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xuño de 2011.

Dado en Madrid o 15 de outubro de 2010

JUAN CARLOS R.

O ministro de Industria, Turismo e Comercio,
MIGUEL SEBASTIÁN GASCÓN